

ADMISIÓN DO ALUMNADO

2017 - 2018

Para iniciar estudos na Escola de Imaxe e Son de Lugo – Fundación TIC (CPR TIC) será necesario estar en posesión da titulación¹ esixida para o acceso á formación profesional de grao superior. Os solicitantes² de novo ingreso ao primeiro curso e ao segundo curso, que reúnan os requisitos, presentarán a solicitude de admisión no prazo ordinario.

As solicitudes atenderanse segundo os seguintes criterios:

- A. Cursase calquera modalidade de bacharelato.
- B. Dispoña do título de técnico ou técnico superior.
- C. Dispoña dunha titulación universitaria.
- D. Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Sen prexuízo de cumprir os requisitos anteriores, dentro de cada colectivo a orde de prioridade virá determinada por:

- 1-Estar empadroadado en calquera dos concellos da provincia de Lugo³
- 2-Que se trate da primeira matrícula no ciclo para o que se solicita praza
- 3-Maior nota media no expediente académico⁴
- 4-Sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación⁵
- 5-De persistir o empate, resolverase mediante entrevista.

Do total de postos dispoñibles un 20% ofrecerase a quen teña superada a proba de acceso para ciclos de grao superior para o ciclo que solicita matrícula.

Unha vez finalizado o prazo de preinscrición, e no caso de ser maior o número de solicitudes presentadas que o de prazas ofertadas, as solicitudes serán valoradas e farase público o listado de solicitantes admitidos, así como a lista de solicitantes en espera e de solicitantes excluídos que resulte da aplicación dos criterios preferentes fixados para o acceso.

Os solicitantes admitidos deberán formalizar matrícula no prazo establecido, entendéndose que de non facelo renuncian á súa praza, que será adxudicada ós solicitantes en lista de espera.

Unha vez rematado o prazo de matrícula ordinaria, e no caso de existir vacantes, renuncias ou baixas, ás prazas resultantes adxudicaranse entre os novos solicitantes por orde de entrada da solicitude.

¹ Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional no sistema educativo. Para acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional requírese unha das seguintes condicións:

a) Título de bacharel
b) Curso de orientación universitaria (COU) ou preuniversitario (PREU).
c) Título de técnico ou técnico superior de formación profesional.
d) Titulación universitaria.
e) Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

² O alumnado que xa estivese matriculado anteriormente nun dos ciclos da Escola de Imaxe e Son de Lugo – Fundación TIC (CPR TIC) terá que ter superado polo menos dous módulos técnicos (excluíndo FOL e EIE) para poder solicitar praza noutro dos ciclos.

³ Certificado de empadramento expedido polo concello correspondente da provincia de Lugo no cal se fará constar a data de alta no padrón municipal de habitantes, que, en todo caso, deberá ser anterior ao día previo ao que se solicite a praza.

⁴ Para o cálculo da nota media do expediente aplicarase o procedemento fixado no artigo 22 da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

⁵ Artigo 11.2 da Orde de 15 de xuño de 2016, "...co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación."

Curso 2017-2018

PRAZAS OFERTADAS

20	1º CS Realización de Proxectos de Audiovisuais e Espectáculos
20	1º CS Producción de Audiovisuais e Espectáculos

INFORMACIÓN e MATRÍCULA

**Escola de Imaxe e Son de Lugo –
Fundación TIC
CPR TIC**

Rúa Frei Plácido Rei Lemos, s/n - 27004 Lugo
Tfno.: 982 284 667
Fax: 982 284 687

e-mail: info@fundaciontic.org

www.fundaciontic.org

CALENDARIO

Prazo preinscrición	8 xuño / 23 xuño
Publicación listas de admitidos, espera e excluídos	26 de xuño
Prazo de reclamacións	27 e 30 de xuño
Publicación listas de admitidos, espera e excluídos DEFINITIVAS	3 de xullo
Prazo de matrícula ordinaria	4 ao 20 de xullo

SOLICITUDE DE ADMISIÓN - CURSO 2017 / 2018

Datos persoais ¹			
1º Apelido	2º Apelido	Nome	Data de nacemento
Enderezo postal			
Código postal e localidade	Provincia	Teléfono	
E-mail			

Requisitos de acceso – Titulación que achega

- Bacharelato LOXSE / COU, ...
- Técnico / Técnico Superior
- Proba de acceso / PAAU maiores 25
- Outras titulacións:
- Pendente convocatoria de setembro
- Certificado de discapacidade

Ciclo formativo que solicita por orde de preferencia

CS Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos

- | | |
|------------------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> 1ª OPCIÓN | <input type="radio"/> 2º Curso |
| <input type="checkbox"/> 2ª OPCIÓN | <input type="radio"/> Formación en Centro de Traballo |
| | <input type="radio"/> Proxecto |

CS Producción de Audiovisuais e Espectáculos

- | | |
|------------------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> 1ª OPCIÓN | <input type="radio"/> 2º Curso |
| <input type="checkbox"/> 2ª OPCIÓN | <input type="radio"/> Formación en Centro de Traballo |
| | <input type="radio"/> Proxecto |

O abaixo asinante solicita ser admitido para cursar estudos na Escola de Imaxe e Son de Lugo – Fundación TIC (CPR TIC) de Lugo, e manifesta que coñece e está conforme coas bases da convocatoria de prazas para o curso académico 2017-2018.

Data de presentación e selo

Sinatura do Solicitante

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ NA SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- Impreso de solicitude
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI)
- Certificación académica oficial dos estudos esixidos para o acceso
- Certificado de superación da proba de acceso
- Certificado de empadramento expedido polo concello correspondente da provincia de Lugo no cal se fará constar a data de alta no padrón municipal de habitantes, que, en todo caso, deberá ser **anterior ao día previo ao que se solicite a praza.**
- Certificado de discapacidade

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ NA FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

- Impreso de matrícula (modelo oficial)
- Catro (4) fotografías tamaño carné
- Tarxeta Sanitaria / NUSS

i De acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, responsabilidade da Fundación TIC Lugo, coa finalidade de atender a súa solicitude, así como para o envío de notificacións e xestión académica. É responsabilidade do solicitante facilitar os datos actualizados e comunicar calquera modificación dos mesmos o centro. Vostede pode exercer os dereitos de oposición, acceso, rectificación e cancelación dirixíndose ás oficinas do centro coa súa solicitude e fotocopia de seu DNI.